

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día dezanove de abril do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Javier Tourís Romero, en substitución de Don José Carlos López Campos
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Dona Ana Laura Iglesias González
Don Carlos Gómez Prado
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Juan Francisco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Don Gorka Gómez Díaz, en substitución de Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona María Pilar Ramallo Vázquez, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 22 de marzo de 2024 (Exp. n. 2023057882).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte dous de marzo de dous mil vinte e catro.

2. Ratificación da aprobación e sinatura do Acordo de asociación para levar a cabo o proxecto Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine



Organisms (BEAP-MAR), financiado polo Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, (Expte. nº **2023007187**).

Proxecto: Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine Organisms (BEAP-MAR)

Convocatoria: Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 (1ª Convocatoria)

Total orzamento Deputación de Pontevedra: 164.315,41 €, cofinanciación 75%

Descrición: BEAP-MAR trata de abordar importantes retos no sector da Bioeconomía Azul no Espazo Atlántico. O proxecto ten como obxectivo aumentar a nosa comprensión dos organismos mariños, especialmente os que non se utilizan habitualmente con fins comerciais, como novos tipos de algas, fungos mariños e esponxas.

O obxectivo principal é aproveitar estes organismos e crear novas substancias e produtos útiles para distintas industrias. Mediante a investigación destes organismos menos coñecidos, o proxecto pretende idear formas innovadoras de utilizalos na industria. Para que a Bioeconomía Azul creza, é crucial compartir coñecementos e boas prácticas entre distintas rexións.

BEAP-MAR ten previsto crear asociacións entre os diversos grupos e axentes implicados no proxecto para compartir o aprendido, mellorar a nosa comprensión destes novos organismos mariños e o seu potencial, e facer máis competitivo o Espazo Atlántico. O proxecto tamén introducirá formas prácticas para que as organizacións do Espazo Atlántico utilicen métodos a gran escala, o que lles permitirá crear novos modelos de negocio e aproveitar os máximos recursos ata o de agora inexplorados.

Con Resolución presidencial número 2024003108, do data 17 de abril de 2024, aprobábase o texto do "Acordo para levar a cabo o proxecto BEAP-MAR "Blue BioEconomy in the Atlantic Area" New Products from MARine organisms", da convocatoria INTERREG ATLANTIC AREA 2021-2027, e a súa sinatura.

Que a devandita resolución queda condicionada a súa polo Pleno da Corporación

Provincial na próxima sesión que celebre.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, ditamina favorablemente por unanimidade.



3. Dar conta da Resolución da Dirección Xeneral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se amplía o prazo de execución, ata o 30 de xuño de 2024, dos proxectos: Desenvolvemento de Integración con Carpeta Cidadá, Plataforma de comunicación e xestión de incidencias nos Concellos, Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS, Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos Concellos e Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos Concellos, correspondentes á convocatoria das subvenciones da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, (Expte. nº **2024025379**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

4. Dar conta da presentación do proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas de tódolos municipios da provincia de Pontevedra (+Rueiro), no ámbito da convocatoria Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro destinada á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, (Expte. nº **2024003607**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

5. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as once horas e corenta minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

